

1.3

sector exterior

Este capítulo, adicado á análise do sector exterior da comunidade galega en 1999, está estruturado en tres grandes bloques. No primeiro deles, estúdase a evolución das exportacións e importacións de bens e servicios dende o punto de vista sectorial, por capítulos arancelarios e segundo a súa distribución xeográfica. Posteriormente, descríbese a situación do investimento galego no estranxeiro –en qué sectores e en qué países–, e finalmente, preséntanse os resultados para o ano 1999 do Plan de Fomento das Exportacións Galegas.

Para o desenvolvemento do mesmo teranse en conta os datos facilitados pola Dirección General de Aduanas, o Instituto de Comercio Exterior (ICEX), a Dirección Rexional de Comercio Exterior en Galicia, o Registro de Inversiones Españolas en el Exterior e a Memoria 1999 de Foexga.

O punto de partida da análise é a delimitación do concepto de sector exterior galego.

Por unha banda, a “*Contabilidade Rexional de Galicia*” segue o criterio de tratamento homoxéneo de tódolos fluxos exteriores, independentemente de que teñan a súa orixe/destino no resto de España, na UE ou no resto do mundo. Pola outra, o ICEX e a Dirección Rexional de Comercio emprega unha metodoloxía diferente, considerando como exportacións ou importacións só o que sae ou entra de/en España. Dada a limitación temporal, o presente capítulo centrarase no segundo criterio mencionado.

Ó longo de 1999, en comparación co que acontece no contexto español, obsérvase un comportamento máis moderado no comercio exterior galego, que rexistra un crecemento do 5,7%, fronte ó 7,4% acadado polo comercio exterior de España. No que atinxe á actividade exportadora, o valor das exportacións galegas acadou os 968.544 millóns de pesetas, cun crecemento nominal de 8,9% (3,5% para o conxunto do estado), en tanto que o valor das

CADRO 1.3.1.

Taxas de cobertura do comercio exterior 1998-99

	1998	1999
OCDE	98,5	95,3
UE	105,4	102,9
Galicia	85,3	90,2
España	82,1	76,1

Fonte: IGE, INE

CADRO 1.3.2.

Taxas de cobertura do comercio exterior das CC.AA. 1998-99 ⁽¹⁾

	1998	1999
Andalucía	110,8	102,2
Aragón	117,2	100,9
Asturias	89,6	85,6
Baleares	50,4	56,6
Canarias	21,8	20,5
Cantabria	78,1	78,6
Castela-A Mancha	76,3	58,5
Castela-León	100,3	95,1
Cataluña	75,8	70,2
Comunidade Valenciana	139,7	129,9
Extremadura	209,3	182,4
Galicia	85,3	90,1
A Coruña	69,7	70,2
Lugo	95,6	93,0
Ourense	212,9	211,5
Pontevedra	87,7	95,4
Madrid	35,7	32,9
Murcia	137,0	130,4
Navarra	138,1	128,4
País Vasco	141,7	132,1
A Rioxa	157,8	139,5
Total	82,1	75,8

(1) datos provisionais

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e da Dirección General de Aduanas

importacións ascendeu a 1.074.933 millóns de pesetas, o que representa un crecemento do 3,0% respecto ó valor do ano anterior (10,6% en España).

A **balanza comercial** galega presenta polo tanto un déficit de 106.388 millóns de pesetas (fonte ICEX), un 31% inferior ó rexistrado o ano anterior. A taxa de cobertura, recollida nos **cadros 1.3.1. e 1.3.2.**, situouse no 90,1% (en 1998 foi do 85,3%), catorce puntos por riba da correspondente a España, que foi do 76,1% (en 1998 era do 82,1%). Comparada coas outras comunidades autónomas, en 1999

Galicia ocupaba, ó igual que no ano anterior, o décimo posto, tal e como reflicte o **cadro 1.3.2.**

No estudio do sector exterior galego, apréciase unha forte concentración e especialización do comercio exterior. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara aproximadamente o 63,6% do comercio exterior da comunidade; por outra, a Unión Europea (especialmente Francia e Portugal), segue a se-lo principal socio comercial de Galicia, ó acolle-lo 78,4% das exportacións e o 65,9% das importacións galegas.

CADRO 1.3.3.

Importacións e exportacións de Galicia e España 1998-99

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	1998	1999 (1)	99/98	1998	1999 (1)	99/98	1998	1999 (1)	99/98
	(en millóns de pesetas)		(%)	(en millóns de pesetas)		(%)	(en millóns de pesetas)		(%)
A Coruña	321.311	340.494	6,0	223.994	238.502	6,5	-97.317	-101.992	4,8
Lugo	42.835	42.575	-0,6	41.207	39.615	-3,9	-1.628	-2.960	81,8
Ourense	22.995	26.662	15,9	49.258	56.390	14,5	26.263	29.728	13,2
Pontevedra	656.685	665.202	1,3	575.249	634.037	10,2	-81.436	-31.165	-61,7
Galicia	1.043.826	1.074.933	3,0	889.708	968.544	8,9	-154.118	-106.389	-31,0
España	20.441.536	22.606.254	10,6	16.613.552	17.194.856	3,5	-3.827.984	-5.411.398	41,4
G/E	5,11	4,76		5,36	5,63		4,03	1,97	

(1) datos provisionais

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

Atendendo ós produtos comercializados, tamén se constata a devandita especialización do sector exterior. Así, os capítulos arancelarios 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios) e o 03 (peixe e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) son os principais capítulos de importación e exportación: supoñen o 47,1% e o 49,6% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 76,35% do total das exportacións e no 79,44% no caso das importacións galegas en 1999.

En canto ó fluxo do investimento galego no estranxeiro, este acadou os 140.840 millóns de pesetas en 1999, o que representa o 1,7% do total investido por España nese ano. A principal característica deste investimento é a súa concentración tanto sectorial como xeográfica, xa que 4 países –Brasil, Portugal, Arxentina e os Países Baixos– concentran o 88,2% do total investido, e tres sectores –comercio, sector primario e intermediación financeira, banca e seguros– o 85% do total.

1.3.1.- Comercio exterior

O sector exterior galego presenta, **cadro 1.3.3.**, un incremento do fluxo exportador que

case triplica o aumento rexistrado polas importacións, por mor, fundamentalmente, do dinamismo experimentado polos principais capítulos exportadores da economía galega: (87) vehículos automóbiles, (03) peixes e crustáceos, moluscos e outros, (89) navegación marítima ou fluvial, (68) manufacturas de pedra natural, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas, e (85) máquinas, aparatos e material eléctrico.

Esto permitiu que, no ano 1999, a balanza comercial galega presentara unha redución do seu déficit, que se sitúa en 106.389 millóns de pesetas (fonte ICEX), un 31% inferior ó rexistrado o ano anterior (154.118 millóns). A taxa de cobertura, recollida no **cadro 1.3.2.**, acada o 90,1% (en 1998 era do 85,3%), catorce puntos por riba da correspondente a España, que foi do 76,1% (en 1998 era do 82,1%).


Dadas as características xerais da situación comercial, para comprende-la evolución do déficit da balanza comercial galega, cómpre facer unha análise por separado das importacións e exportacións galegas.

• Importacións.-

No concernente ás importacións, no **cadro 1.3.3.** pódese apreciarlo diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas,

GRÁFICO 1.3.1.

Importacións 1999: distribución provincial



CADRO 1.3.4.

Importacións 1999 ⁽¹⁾: distribución sectorial

	Importe (en millóns de pesetas)	99/98	sector/total (%)	G/E
Enerxéticos	116.779	24,4	10,86	7,64
Non enerxéticos	958.156	0,9	89,14	4,55
Sector primario	288.715	-8,4	26,86	8,19
Productos agrícolas	222.114	-10,5	20,66	9,02
Materias primas	66.601	-0,8	6,20	6,26
Semimanufacturas	130.261	15,7	12,12	2,63
Industria química	54.506	5,1	5,07	1,74
Metais	69.484	26,0	6,46	4,40
Outras semimanufacturas	6.271	12,0	0,58	2,45
Manufacturas	539.180	3,3	50,16	4,28
Bens de equipamento	450.920	4,4	41,95	4,60
Maquinaria	103.670	-16,3	9,64	1,96
Materiais de transporte	347.250	12,8	32,30	7,67
Bens de consumo	88.260	-2,3	8,21	3,18
Peletería	5.934	29,0	0,55	3,35
Téxtiles	68.343	-4,3	6,36	6,27
Outros bens de consumo	13.983	-2,2	1,30	0,92
Total	1.074.935	3,0	100,00	4,76

(1) datos provisionais
Fonte: ICEX

así como o diferente peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade. O peso relativo das importacións galegas no total español acada o 4,76% no ano 1999.

Pontevedra segue a se-la provincia importadora máis importante e acolle o 61,8% do valor total das importacións galegas, en tanto que Ourense e Lugo son as que teñen unha menor participación nos intercambios de Galicia co exterior ó representa-lo 2,5% e o 4,1%, respectivamente (gráfico 1.3.1).

Nunha análise sectorial das importacións,

cadro 1.3.4., o peso relativo das importacións de produtos enerxéticos no total estatal aumenta ata o 7,6% en 1999, mentres que desce a importancia relativa das importacións dos produtos non enerxéticos ata o 4,6%. No caso dos sectores non enerxéticos, tan só o sector semimanufacturas aumenta o seu peso relativo no contexto estatal, pasando do 2,4% ó 2,6% de 1999.

No caso galego, cadro 1.3.4., prodúcese un aumento da importancia relativa das importacións de produtos enerxéticos. No caso das importacións dos produtos non enerxéticos, o sector primario ve reducido o seu peso relativo

CADRO 1.3.5.

Importacions 1999: principais capítulos e importacións de Francia, Portugal e o Mercosur

Nº	Cap-	Denominación	Importe	99/98	cap. / total	Francia	Portugal	Mercosur
			(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)			
1	87	Automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	343.990	14,4	32,00	304.063	9.343	
2	3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	162.316	-10,4	15,10	4.802	11.915	27.165
3	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	116.778	24,4	10,86	3.300	1.446	176
4	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	82.196	-21,1	7,65	34.180	1.919	208
5	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	34.557	2,1	3,21	1.272	8.817	4.886
6	72	Fundición, ferro e aceiro	31.510	49,0	2,93	5.147	12.523	329
7	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	21.473	8,8	2,00	5.784	2.473	
8	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	20.749	0,7	1,93		8.104	75
9	76	Aluminio, e manufacturas do aluminio	20.354	20,4	1,89	2.310	2.155	
10	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	19.974	4,9	1,86	512	10.888	
Total dos principais capítulos			853.897		79,44	361.370	69.583	32.839
Resto			221.038		20,56	21.902	31.129	19.530
Total			1.074.935	3,0	100	383.272	100.712	52.369

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

ata o 26,9% das importacións galegas, en tanto que aumenta no caso das semimanufacturas e manufacturas.

As importacións correspondentes ó **sector primario**, ó contrario do acontecido polo conxunto das importacións, descendieron en 1999 un 8,4%, por mor da evolución dos produtos agrícolas (caen un 10,5% respecto ó ano anterior) e das materias primas (descenden un 0,8%). Representan o 26,9% do valor total das importacións galegas e o 8,2% das importacións españolas do sector, sendo a partida máis importante a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que, despois do descenso nun 10,4% respecto ó ano anterior, representan o 15,1% do total de importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para 1998 tamén está o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 3,2% do valor total das importacións galegas.

O subsector das **semimanufacturas**, **cadros 1.3.4. e 1.3.5.**, presenta no ano 1999 un crecemento do 15,7% respecto ó ano anterior. Representan o 12,1% das importacións totais galegas e o 2,6% das importacións españolas de semimanufacturas. Dentro deste subsector salienta o crecemento das importacións de metais (un 26%) e entre os dez primeiros capítulos de importación de Galicia atópanse os capítulos 72 (fundición, ferro e aceiro), que incrementa o valor das súas importacións nun 49%, e o capítulo 76 (aluminio e manufacturas de aluminio), que experimenta un incremento do valor do 20,4%.

No concernente á importación de **manufacturas**, que é o compoñente máis importante das importacións galegas (significa o 50,2% das mesmas), éstas medran un 3,3%. Este aumento é debido ó crecemento das importacións de bens de equipamento (4,4%), que compensa o descenso das importacións de bens de consumo (2,3%).

CADRO 1.3.6.

Importacións 1998-99: distribución xeográfica segundo orixe

	1998		1999	
	importe	% sobre total	importe	% sobre total
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
Países UE	663.106,2	64,8	708.651,8	65,9
Resto Europa	42.183,2	4,1	51.023,5	4,7
Estados Unidos	36.114,8	3,5	29.526,3	2,7
Resto do mundo	282.565,5	27,6	286.007,3	26,6
Total	1.023.969,8	100	1.075.208,9	100

Fonte: IGE

Entre os capítulos de importación máis importantes destacan o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e supón o 32% das importacións galegas; o 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), que é a cuarta partida importadora; e as partidas incluídas dentro do sector téxtil.

A **distribución xeográfica** das importacións galegas en 1999 amosa, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do IGE, o 65,9% do valor total das importacións procede da UE, e un 4,7% e 2,7% do resto de Europa e Estados Unidos, respectivamente (**cadro 1.3.6.**).

Dentro da Unión Europea, o principal provedor de Galicia é Francia, por mor do papel que xoga a factoría de Citroën en Vigo. O valor total das importacións francesas ascende a 383.272 millóns de pesetas, o que supón o 35,7% do total das importacións galegas (**cadro 1.3.5.**).

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87), que, cun


importe de 304.063 millóns de pesetas, supón o 79,4% do total do valor das súas importacións, e representa o 88,5% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ó 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), cun importe de 34.180 millóns de pesetas, que representa o 8,9% do total das importacións francesas e o 41,6% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das importacións galegas de Portugal, que significan o 9,4% do total das importacións galegas en 1999, as dúas primeiras partidas son a de fundición, ferro e aceiro (72) e o capítulo 03, cun valor de 12.523 millóns de pesetas e 11.915 millóns, respectivamente. No conxunto das importacións galegas de Portugal, estas partidas representan, respectivamente, o 12,4% e 11,8%.

Finalmente, as importacións galegas dos países do Mercosur ascenden a 52.369 millóns de pesetas e representan o 4,9% do total das importacións galegas. Entre os capítulos arancelarios máis importantes salientan as importacións de produtos do capítulo 03, que supón un 51,9% das importacións procedentes desa

GRÁFICO 1.3.2.

Exportacións 1999: distribución provincial



área económica e un 16,7% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

• **Exportacións.-**

Na análise das exportacións, no **cadro 1.3.3.** pódese apreciar o dinamismo do sector exportador galego, que crece un 8,9% en 1999 respecto ó ano anterior, co que o peso relativo das exportacións galegas no total español acada un 5,6%.

Ó igual que acontece coas importacións, no caso das exportacións existe unha maior concentración das mesmas na provincia de Pontevedra, onde, tras un crecemento do 10,2% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 65,5%. Lugo e Ourense, a pesares do crecemento desta última (14,5%), seguen sendo as provincias menos exportadoras, cunha importancia relativa do 4,1% e do 5,8%, respectivamente (**gráfico 1.3.2.**).

Atendendo á distribución sectorial das exportacións galegas, **cadro 1.3.7.**, en 1999 aumenta o peso relativo das exportacións galegas no total español (5,6% fronte ó 5,4% do ano anterior), a pesares do descenso da importancia relativa das exportacións de produtos enerxéticos (4,95% en 1999 e 6,71% en 1998). Unha maior desagregación amosa un crecemento do peso relativo das exportacións de produtos do sector primario (pasa do 7,4% de 1998 ós 7,7% do ano 1999), das semimanufacturas

(3,4% e 3,5%, respectivamente) e das manufacturas (5,5% e 5,8%), onde aumenta a importancia relativa das exportacións de bens de equipamento e descende á de bens de consumo.

No caso concreto de Galicia, o valor das exportacións galegas de produtos non enerxéticos ascende no ano 1999 a 949.253 millóns de pesetas (un 9,6% máis que no ano anterior), que significa o 98,0% do valor total das exportacións galegas. O **cadro 1.3.7.** reflicte un descenso da importancia relativa das exportacións de produtos do sector primario (pásase dun 25,9% ó 25,1% no ano 1999), permanecendo practicamente constante á dos produtos do sector de semimanufacturas (13,7%). Pola contra, medra o peso relativo das manufacturas (de 57,8% ata o 59,2%) e, dentro deste sector, a importancia relativa das exportacións de bens de equipamento (pásase dun 47,1% a un 49,5%).

Tal e como reflicten os **cadros 1.3.7. e 1.3.8.**, o **sector primario** experimenta un crecemento inferior ó rexistrado polas exportacións galegas (5,0% e 8,9%, respectivamente) por mor da evolución dos produtos agrícolas (3,7%).

Entre os primeiros capítulos exportadores salienta o peso dos capítulos de produtos agrícolas 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de peixe ou crustáceos, de

CADRO 1.3.7.

Exportacións 1999 ⁽¹⁾: distribución sectorial

	Importe	99/98	sector/total	G/E
	(en millóns de pesetas)		(%)	
Enerxéticos	19.293	-17,1	1,99	4,95
Non enerxéticos	949.253	9,6	98,01	5,65
Sector primario	242.958	5,0	25,08	7,67
Productos agrícolas	182.648	3,7	18,86	7,07
Materias primas	60.310	9,1	6,23	10,29
Semimanufacturas	133.079	10,4	13,74	3,48
Industria química	43.621	16,9	4,50	2,12
Metais	41.331	1,7	4,27	3,47
Outras semimanufacturas	48.127	13,1	4,97	8,38
Manufacturas	573.216	11,4	59,18	5,84
Bens de equipamento	479.147	14,1	49,47	6,45
Maquinaria	37.547	9,7	3,88	1,30
Materiais de transporte	441.600	14,5	45,59	9,71
Bens de consumo	94.069	-0,7	9,71	3,95
Peletería	4.998	-6,9	0,52	4,15
Téxtiles	63.064	-6,3	6,51	7,84
Outros bens de consumo	26.007	18,1	2,69	1,79
Total	968.546	8,9	100	5,63

(1) datos provisionais
 Fonte: I/CEX

CADRO 1.3.8.

Exportacións 1999 : principais capítulos e exportacións a Francia, Portugal e o Mercosur

Nº	Cap-	Denominación	Importe	99/98	cap. / total	Francia	Portugal	Mercosur
			(en millóns de pesetas)		(%)	(en millóns de pesetas)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	388.033	11,29	40,06	161.012	16.760	9.872
2	3	Pescados e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	92.246	14,77	9,52	10.750	32.069	655
3	89	Navegación marítima ou fluvial	53.474	45,04	5,52			730
4	68	Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto mica, etc.	44.434	14,08	4,59	15.371	3.586	128
5	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	39.673	-5,32	4,10	8.503	10.630	1.405
6	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	36.750	-10,77	3,79	6.065	5.185	487
7	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	27.754	6,41	2,87	3.113	12.249	108
8	85	Maquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	19.545	24,38	2,02	3.648	4.322	1.147
9	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	19.292	-17,05	1,99			
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	18.325	-14,10	1,89	2.560	8.783	144
Total dos principais capítulos			739.526		76,35	211.022	93.584	14.676
Resto			229.020		23,65	24.197	92.051	4.302
Total			968.546	8,86	100	235.219	185.635	18.978

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do I/CEX

CADRO 1.3.9.

Exportacións 1998-99: distribución xeográfica segundo destino

	1998		1999	
	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(en millóns de pesetas)	(% / total)
Países UE	705.433,6	79,8	759.999,4	78,4
Resto Europa	34.318,1	3,9	36.301,1	3,7
Estados Unidos	18.625,7	2,1	23.592,9	2,4
Resto do mundo	125.793,1	14,2	149.811,0	15,4
Total	884.170,5	100,0	969.704,4	100,0

Fonte: IGE

moluscos ou doutros invertebrados acuáticos), que representan, respectivamente, o 9,5% e o 3,8% das vendas galegas ó exterior. Tamén salienta, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que aporta o 2,9% das exportacións galegas.

O valor das exportacións das **semimanufacturas** medra un 10,4% en 1999, salientando o crecemento da industria química, cun 16,9%, e outras semimanufacturas, co 13,1% respecto ó ano anterior. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia están o 68 (manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas), que representa o 4,6% das exportacións galegas despois de crecer un 14,1% respecto ó ano anterior, e o capítulo 76 (aluminio e manufacturas de aluminio) que, a pesares do descenso do 14,1%, representa o 1,9% das exportacións galegas.

As exportacións de **manufacturas** presentan un crecemento do seu importe superior á media galega (11,4% respecto ó ano anterior). Ó igual que no caso das importacións, a evolución do valor total das exportacións de bens de equipamento (medra un 14,1%) compensa a caída do valor total das exportacións de bens de consumo (0,7%). Dentro das exportacións de bens de equipamento destaca o comportamento

dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), cun crecemento do 11,3%, representa o 40,1% das exportacións galegas. No caso das exportacións de bens de consumo, as exportacións de outros bens de consumo compensa o descenso das exportacións do subsector dos téxtis (6,3%) e do subsector da peletería (6,9%).

No concernente á **distribución xeográfica** das exportacións, tal e como se amosa no **cadro 1.3.9.**, a UE é, dado o contexto internacional no que nos atopamos, o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do IGE, do valor total das exportacións galegas, 969.704,4 millóns de pesetas, as exportacións galegas á UE representan o 78,4%, en tanto que as exportacións ó resto de Europa e Estados Unidos suponen un 3,7% e un 2,4%, respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro 1.3.8.**, as exportacións galegas a Francia están dominadas polo papel dos produtos do capítulo 87 da automoción. Este capítulo representa o 68,5% do total das exportacións a Francia e o 41,5% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a Portugal, salienta a importancia do capítulo 03, que representa o 17,3% do total das exportacións a Portugal en

CADRO 1.3.10.

Investimentos no exterior das CC.AA. 1998-99

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	CA/total (%)	(en millóns de pesetas)	CA/total (%)	(%)
Andalucía	4.140,1	0,1	9.821,5	0,1	137,2
Aragón	17.334,5	0,6	2.070,0	0,0	-88,1
Asturias	636,0	0,0	164,9	0,0	-74,1
Baleares	9.124,1	0,3	54.329,9	0,6	495,5
Canarias	69.495,9	2,3	233.267,5	2,8	235,7
Cantabria	6.659,8	0,2	163.268,7	1,9	2351,6
Castela e León	1.616,9	0,1	5.591,7	0,1	245,8
Castela-A Mancha	33,7	0,0	3.318,4	0,0	9743,9
Cataluña	266.861,9	8,8	622.664,7	7,4	133,3
C. Valenciana	44.861,9	1,5	333.834,5	4,0	644,1
Extremadura	831,1	0,0	10,7	0,0	-98,7
Galicia	19.842,7	0,7	140.840,4	1,7	609,8
Madrid	2.218.979,0	72,9	6.097.924,4	72,7	174,8
Murcia	294,3	0,0	1.839,9	0,0	525,2
Navarra	9.538,9	0,3	11.591,9	0,1	21,5
País Vasco	373.191,5	12,3	711.109,9	8,5	90,5
A Ríoxa	--	--	206,5	--	--
Ceuta e Melilla	--	--	9,0	--	--
Total	3.043.442,2	100,0	8.391.864,2	100,0	175,7

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

1999. Asemade, supón o 34,8% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 en 1999.

Finalmente, as exportacións ós países do Mercosur representan o 2% do total das exportacións galegas en 1999. Cara a estes países, a principal partida exportadora é a correspondente á automoción, que representa o 52% do total exportado a estos países.

1.3.2.- Investimento galego no estranxeiro

O investimento bruto da comunidade galega no exterior no ano 1999 ascendeu a 140.840 millóns de pesetas (un 609,8% máis do investido no ano anterior), o que representa o 1,7% do importe total do investimento español. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a sétima comunidade, tras Madrid, País Vasco, Cataluña, C. Valenciana, Canarias e Cantabria, que máis inviste no estranxeiro (cadro 1.3.10.).

Sectorialmente, tal e como amosa o **cadro**

1.3.11., Galicia concentra o seu investimento no estranxeiro no sector do comercio, que acolle o 77,4% do total investido (109.035 millóns de pesetas). Entre os demais sectores salientan o subsector da agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca, con 8.874 millóns, e a intermediación financeira, banca e seguros, con 1.896 millóns de pesetas. Cuantitativamente, os tres sectores considerados representan o 85% do investimento total galego no estranxeiro. No caso de España, os mesmos sectores supoñen tan só o 17,4% do investimento español no estranxeiro.

Especial mención merece o sector da agricultura, gandería, caza silvicultura e pesca, que representa, tal e como amosa o **cadro 1.3.11.**, o 83,5% do investimento estranxeiro total español no sector primario. Asemade, destaca o subsector comercio, que, ademais de se-lo subsector máis importante en Galicia, representa o 50,8% do total investido en España nesta materia.

No concernente á **distribución xeográfica**, o **cadro 1.3.12.** amosa a importancia do investimento galego nos países latinoameri-

CADRO 1.3.11.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 1999: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(en millóns de pesetas)	(% / total)	
Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca	8.874	6,3	10.630	0,13	83,48
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga			372.180	12,57	
Ind. extract., ref. petróleo e tratamento combustibles			2.385.566	0,27	
Alimentación, bebidas e tabaco			25.413	2,90	
Ind. téxtil e confección	121	0,1	1.710	0,01	7,08
Ind. papel, edición e artes gráficas			4.486	0,63	
Ind. química			77.187	0,40	
Outras manufacturas	4.692	3,3	210.653	3,14	2,23
Construcción	255	0,2	12.513	0,15	2,04
Comercio	109.035	77,4	214.471	2,56	50,84
Hostelería			18.678	0,38	
Transporte e comunicacións			572.961	6,83	
Intermediación financeira, banca e seguro	1.896	1,3	1.236.802	14,74	0,15
Holding e Outros	15.968	11,3	3.248.613	38,71	0,49
Total	140.841	100	8.391.863	100	1,68

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

CADRO 1.3.12.

Investimentos directos no exterior das CC.AA. 1999: distribución segundo áreas económicas de destino

(en millóns de pesetas)

	OCDE	UE	EE.UU.	Latinoamérica	Total (1)
Andalucía	7.904	1.107		1.909	9.821
Aragón	1.340	1.340		627	2.070
Asturias	4	4		1	165
Baleares	43.135	42.687	7	8.605	54.330
Canarias	177.167	177.164		51.120	233.267
Cantabria	16	15		162.855	163.269
Castela e León	1.430	534		3.986	5.592
Castela-A Mancha	2	2		3.195	3.318
Cataluña	445.846	424.402	6.624	166.457	622.665
Comunidade Valenciana	235.311	230.262	2.182	2.676	333.834
Extremadura	10	4	6	-	11
Galicia	24.817	22.395	255	108.727	140.840
Madrid	1.313.967	1.207.064	37.284	4.622.498	6.097.924
Murcia	213	176		1.455	1.840
Navarra	7.154	5.567	1.588	4.323	11.592
País Vasco	528.916	268.804	413	157.047	711.110
A Ríoxa	193	50	143	14	206
Ceuta e Melilla	9	9			9
Total	2.787.434	2.381.586	48.502	5.295.495	8.391.864

(1) o total inclúe ademais o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

CADRO 1.3.13.

Resumo das actividades do Plan FOEXGA 1999

	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			(en miles de pesetas)		
Misións comerciais	20	91.862,7	38.913,6	29.395,8	23.553,3
Ferías internacionais	24	102.238,0	41.949,8	36.407,5	23.880,7
Outras accións conxuntas	8	15.217,3	11.239,8		3.977,4
Misións comerciais inversas	3	7.064,0	3.532,0	1.071,0	2.461,0
Misións de estudos	2	9.062,1	3.942,7	2.353,3	2.766,1
Edicións e estudos	1	3.758,4	1.879,2		1.879,2
Bolseiros promotores	14	44.889,2	22.444,6		22.444,6
Accións privadas	25	18.593,1	9.165,7		9.427,3
Promocións de turismo	7	13.513,3	5.955,8	3.203,3	4.354,2
Total 1999	104	306.198,0	139.023,4	72.430,8	94.743,8
Total 1992-99	631	1.588.578,6	775.848,1	503.710,9	309.019,6

Fonte: Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA)

canos. Brasil é o primeiro destino do investimento galego, con 99.265 millóns de pesetas (o 70,5% do total investido no estranxeiro) e Arxentina é o terceiro destino, tras Portugal, con 7.514 millóns. O valor dos fluxos de investimento ós países da UE ascendeu a 22.395 millóns de pesetas (o 15,9%), dos que Portugal acolleu 12.428 millóns e os Países Baixos, 5.068 millóns. Estes catro países (Brasil, Arxentina, Portugal e Países Baixos) acollen o 88,2% do total dos fluxos de investimento galegos no exterior, o que reflicte a forte concentración xeográfica do mesmo.

Comparado co investimento estranxeiro do conxunto do estado, os catro países mencionado acollen o 55,1% do total investido no estranxeiro por España. Os fluxos de investimento ós países da UE (2.381.586 millóns de pesetas) representan o 28,4% e ó investido en Brasil (1.370.380 millóns), o 16,3% do total.

1.3.3.- Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), que constitúe un dos instrumentos ó servizo da internacionalización das empresas galegas, realizou en 1999 un total de 104 accións, cun investimento superior ós 300 millóns de pesetas.

Tal e como reflicte o **cadro 1.3.13.**, no ano 1999 realizáronse un total de 104 accións, o 16,5% do total das acción realizadas dende a posta en marcha do devandito plan. As principais, segundo o número total das mesmas, foron as accións privadas (25), as feiras internacionais (24) e as misións comerciais (20).

O investimento do plan ascendeu a 306,2 millóns de pesetas (o 19,3% do total investido no período 1992-99), dos que a Xunta aportou 139 millóns, as Cámaras, 94,7 millóns e as empresas, un total de 72,4 millóns. O maior gasto correspondeu ás feiras internacionais, nas que se investiron un total de 102,2 millóns no ano 1999, seguidas das misións comerciais, con 91,9 millóns. ■